



CONCELLO DE CABANAS (A Coruña)

Rúa do Concello, s/n - 15.621 CABANAS - Teléf. 981 49 59 59 - Fax 981 43 19 44

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

ASUNTO:	EXECUCIÓN DA SENTENCIA RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO 02/0004055/1993 DO EDIFICIO O PENSO 2ª FASE
SITUACIÓN:	ESTRADA DA CORUÑA (N-651) - CAMIÑO TRAS DA VILA. PARROQUIA SAN MARTIÑO DO PORTO
PROMOTOR:	CONCELLO DE CABANAS
CLASIFICACIÓN DO SOLO¹:	SOLO URBANO (Cabanas)
ORDENANZA:	D. Ambas marxes da estrada xeral ata o entronque coas estradas das Pontes e Mugardos
DOCUMENTO DE REFERENCIA:	PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA LA EJECUCIÓN DE LA SENTENCIA RECAÍDA EN EL RECURSO CONTENCIOSOS ADMINISTRATIVO 02/0004055/1993 DEL EDIFICIO O PENSO 2ª FASE, SITUADO ENTRE LA CARRETERA DE A CORUÑA Y EL CAMINO TRAS DA VILA. AYUNTAMIENTO DE CABANAS. A CORUÑA, redactado polo arquitecto Antonio José Ferreiro Novo en xuño de 2016.

Emítase o presente Informe a solicitude da Alcaldía do Concello de Cabanas aos efectos da verificación dos aspectos indicados de seguido e relativos ao proxecto técnico redactado co obxecto de dar cumprimento á sentenza referida no encabezamento deste escrito:

1. Cumprimento, no edificio resultante das obras de demolición e posterior reconstrucción, dos parámetros urbanísticos relativos ás alturas correspondentes á ordenanza E² para a fachada que da fronte ao camiño "Tras da Vila" e á ordenanza D³ para a fachada que da fronte á estrada estatal N-651.
2. Adecuación da documentación incorporada no proxecto técnico presentado ante a Administración.

En cumprimento do ordenado pola alcaldía, **INFORMO:**

- 1º En relación aos parámetros urbanísticos das alturas para cada ordenanza de aplicación, a xuízo do arquitecto municipal compre sinalar o que segue:
 - A fachada que da fronte ao camiño "Tras da Vila" (resultante das obras recollidas no proxecto técnico), verifica a limitación de alturas establecida pola ordenanza E.
 - A fachada que da fronte á estrada estatal N-651 (resultante das obras recollidas no proxecto técnico), verifica a limitación de alturas establecida pola ordenanza D e asimismo, respeta a limitación de altura máxima recollida no Art. 21 das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra⁴.
 - En relación á configuración das cubertas resultantes da proposta de reconstrucción, compre indicar que verifican as limitacións admitidas polo planeamento municipal para a

¹ Segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais do Concello de Cabanas, as cales foron elaboradas ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, sendo aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, en reunión celebrada con data 13 de novembro de 1987 na que a dita aprobación queda condicionada á introducción dunha serie de cambios no documento; unha vez efectuados aqueles, o documento definitivo recibe a conformidade da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña con data 24 de marzo de 1988.

A Modificación Puntual das N.S.P.M. do Concello de Cabanas foron igualmente elaboradas ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, sendo aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña, en reunión celebrada con data 11 de setembro de 1990.

² Ordenanza E. *Vivenda unifamiliar adosada*, correspondente ás N.S.P.M. do Concello de Cabanas.

³ Ordenanza D. *Ambas marxes da estrada xeral ata o entronque coas estradas de As Pontes e Mugardos*, correspondente ás N.S.P.M. do Concello de Cabanas.

⁴ Resolución 14 de maio de 1991. Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.



CONCELLO DE CABANAS (A Coruña)

Rúa do Concello, s/n - 15.621 CABANAS - Teléf. 981 49 59 59 - Fax 981 43 19 44

súa configuración, respectando asimismo o establecido polo Art. 16 das N.C.S.P. en canto a obriga de que as cubertas estean formadas por planos continuos sen quebros dos seus faldóns.

- 2º En relación á documentación incorporada ao proxecto técnico, se estima que aquela está completa e que verifica o contido mínimo esixido polo Art. 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011⁵.

Por outra banda, en relación ao establecido no Art. 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, é preceptivo o sometemento dos proxectos á súa supervisión técnica cando a cuantía do contrato das obras a executar sexa igual ou superior a 350.000 euros.

No caso que nos ocupa, o orzamento de execución por contrata correspondente ás obras a executar é de 312.624,90 euros, e o orzamento base de licitación é de 378.276,13 valor este último superior ao de referencia, polo cal o proxecto técnico deberá de someterse a supervisión técnica.

En Cabanas, a 24 de agosto de 2016

Asdo.: Marcos Ferreño Suárez
Arquitecto Municipal

**NOMBRE FERREÑO
SUAREZ MARCOS -
NIF 32804781L**

Firmado digitalmente por
NOMBRE FERREÑO SUAREZ
MARCOS - NIF 32804781L
Fecha: 2016.08.24 09:06:25
+02'00'

⁵ Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.